

Departamento de inglés

ADAPTACIÓN DOS CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA AXUSTALOS Á ACTUALIZACIÓN DA NORMATIVA DE AVALIACIÓN NAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA AVALIACIÓN CURSO 2021-22

Segundo figura na orde do 25 de xaneiro de 2022, non se realizará unha convocatoria extraordinaria polo que a avaliación ordinaria levarase a cabo do seguinte xeito:

1. A cualificación final de cada avaliación segue o procedemento descrito na programación.

2. No tempo entre a terceira avaliación parcial e fin de curso, levaranse a cabo actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

2a. O alumnado que teña superada a materia poderá subir a súa nota na avaliación final ata un máximo de 1 punto, realizando as tarefas propostas polo profesorado e que poderán consistir nunha presentación oral ou escrita dun proxecto en relación cos temas tratados durante o curso. Dito traballo insistirá no desenvolvemento das competencias clave, nomeadamente o uso das Tics, a competencia de aprender a aprender e o sentido de iniciativa emprendedora. Estas tarefas deben ser realizadas satisfactoriamente e respectando o clima que a clase precisa para atender a todo o alumnado de xeito personalizado.

2b. O alumnado que non teña superada a materia deberá realizar actividades de reforzo, baseadas nun informe individualizado. Ditas actividades serán realizadas polo alumnado no período que abrangue dende a 3ª avaliación ata a avaliación final e traballarán competencias, destrezas e contidos a recuperar

especificados no informe. A entrega destas tarefas, en prazo, completas e ben feitas, poderá chegar a supor, segundo criterio do docente, ata un máximo dun 20% da nota. Nos días previos a esa avaliación final, os alumnos realizarán una proba con eses contidos que foron reforzados e que terá un peso do 80%. Considerarase que o alumno supera a materia cando obteña o 50% entre a proba e as tarefas ou unha cualificación de 5 no caso de non ter feito as tarefas de reforzo antes mencionadas.

3. No caso do alumnado que non acade unha avaliación positiva, e polo tanto non supere a materia, pero promocióne de curso, deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación no seguinte ano académico. **4.** Alumnado coa materia pendente. No caso do alumnado que non superase anteriormente a materia a través dos procedementos descritos na programación, acadaría a avaliación positiva ó aprobar a avaliación final ordinaria. En caso contrario, constaría como materia pendente para o seguinte curso.

Xanceda, 27 abril 2022.

Asdo.

A xefa de departamento

Mariel Cuervo Sánchez